

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2021

MEMORIA ACTIVIDADES // 2021

O presente documento recolle a memoria de actividades desenvolvidas durante o ano 2021 pola Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, **ACADAR**, sinalando aquelas máis relevantes atendendo ao cumprimento dos fins da entidade.

ACADAR agradece a tódalas entidades públicas e/ou privadas, así como as persoas que día a día ou de xeito puntual colaboraron ca asociación na defensa e promoción dos dereitos das mulleres con discapacidade. De igual maneira, agradece a tódalas mulleres con discapacidade que participaron nas actividades e proxectos levados a cabo pola entidade.

ÍNDICE:

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE	4
OBXECTIVOS ANUAIS.....	8
ACTIVIDADES REALIZADAS.....	10
Programas de cooperación:	10
Empoderamento:	10
Educación en igualdade:	18
Sexualidade:	22
Outras actividades.	23
FERRAMENTAS DE ACADAR	26
PARTICIPACIÓNS	28
PERSOAS SOCIAS	31
FINANZAMENTO PÚBLICO E PRIVADO	32
Subvencións:	32
Colaboracións:.....	33
Contratacións:.....	34
Doazóns.....	34
ANEXO 1. BALANCE DE SITUACIÓN DO ANO	35
ANEXO 2. CONTA DE RESULTADOS.....	37



PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia **ACADAR** foi constituída o 1 de setembro de 2009 no concello de Santiago de Compostela, por 20 mulleres con discapacidade. Conscientes de que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non estaban cubertas nin tidas en conta por parte da sociedade actual, puxeron á súa disposición, a ferramenta máis axeitada para promover, coordinar e reivindicar a defensa dos dereitos das mulleres de cara a súa plena integración en todos os ámbitos da sociedade.

ACADAR está rexistrada no Rexistro Central de Asociacións cun ámbito de actuación autonómico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 2009/013595-1 (SC); no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar co número E-523-71; no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria co número O-633; e nos Concellos de Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Vigo, Ferrol e Narón.

Declara de Utilidade Pública na orde de 5 de febreiro de 2020, **ACADAR** é membro pertence á Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS) e do Consello Galego das Mulleres, desenvolvendo a Vicepresidencia Segunda. Tamén forma parte da Federación provincial de A CORUÑA da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.

Entre os fins de **ACADAR** figuran os seguintes:

1. Defender a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade, para o seu exercicio en condicións de igualdade real.
2. Promover a plena inclusión escolar, laboral, familiar e social das mulleres con discapacidade.
3. Crear as condicións para que as persoas socias poidan cumprir axeitadamente a misión.
4. Promover actitudes sociais positivas cara as mulleres con discapacidade en todos os ámbitos e idades da vida.
5. Defender o dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda muller con discapacidade

6. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
7. Favorecer e promover o enfoque social e de dereitos humanos nas actuacións da Asociación, acorde coas premisas da Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade
8. Participar na orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado **ACADAR** con criterios de solidariedade.
9. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da muller con discapacidade, e da discapacidade en xeral.
10. Representar ás súas persoas socias no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
11. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos dirixidos á muller con discapacidade
12. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da muller.
13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e xuventude das mulleres.
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das mulleres maiores.
15. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
16. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para mulleres con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
17. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativos e de lecer orientadas ás mulleres con discapacidade.
18. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social.
19. Promover e desenvolve programas e actividades dirixidos á eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, a promover e favorecer á coeducación, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural.
20. Promover, desenvolver e abordar todo tipo de resposta eficaz e de xeito especial dirixidos á prevención e erradicación de todo tipo de violencia contra as mulleres con discapacidade, incluída a violencia de machista, de xénero e

outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas ás situacións de discriminación múltiple ou se atopen nalgunha situación de vulnerabilidade .

21. Promover e desenvolver programas e actividades dirixidos á defensa e promoción da igualdade de tratamento e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero .
22. Promover e desenvolver programas e actividades dirixidos á cumprir os obxectivos do desenvolvemento sostible.
23. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de **ACADAR** ou redundar no beneficio das mulleres con discapacidade.

Con **ACADAR**, as promotoras, asociadas e demais persoas integrantes, segundo establecen os seus estatutos, queremos incidir na mellora e capacitación das mulleres con discapacidade nos distintos ámbitos e áreas de participación social.

As áreas de intervención onde está a incidir **ACADAR**, son:

Emprego. Polo dereito de acceso ao emprego, á igualdade de oportunidades e non discriminación por motivos de xénero e/ou discapacidade

Violencia de xénero. Dereito das mulleres con discapacidade a vivir en liberdade e con seguridade e a ser tratadas de maneira digna

Saúde. Polo dereito das mulleres con discapacidade a unha saúde pública integral e de calidade

Maternidade. Para facer efectivo e real o dereito das mulleres con discapacidade de Galicia á maternidade

Sexualidade. Polo dereito das mulleres e nenas con discapacidade a vivir a súa sexualidade dunha maneira plena, íntegra e libre

Vida Independente. Dereito das mulleres con discapacidade galegas a dirixir as rendas da súa vida

Imaxe social e medios de comunicación. Referido ao dereito das mulleres con discapacidade galegas a participar en igualdade de condicións na vida política e social, así como acceder a postos de traballo de responsabilidade e representatividade

O ámbito de actuación de **ACADAR** comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia.



A súa finalidade é a de ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar os dereitos das mulleres con discapacidade en todos os ámbitos da súa vida, independentemente do lugar onde residan, sempre tendo en conta as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

A sede social de **ACADAR** atópase en **Santiago de Compostela**, na *Rúa Dublín, 3, baixos, 15707*.

Actualmente, a entidade dispón de delegacións nas seguintes direccións:

- **Lugo**: situada en Rúa da Luz, nº 4, 27002, Lugo
- **Ferrol**: situada en Rúa Sánchez Calviño, nº56, 15404 Ferrol, A Coruña
- **Ourense**: situada en Rúa Recaredo Paz, nº 1, 32005, Ourense
- **Vigo**: situada en Rúa Teixugueiras, nº 15, 36212 Navia, Pontevedra

Páxina web: www.acadar.org

Correo electrónico: info@acadar.org

Teléfono: 674 073 092

OBXECTIVOS ANUAIS

Os obxectivos da entidade veñen determinados polos fins que se recollen nos estatutos e que fundamentan a existencia de **ACADAR**. Toda actuación que se realiza na entidade, con independencia do seu alcance, vai dirixida a alcanzar a finalidade pola cal foi creada. Ditos fins marcan a meta a alcanzar en cada unha das áreas de actuación da asociación e clarifican o camiño a seguir.

ACADAR, consciente da súa capacidade que impide actualmente abordar todos os obxectivos e áreas de actuación, planifica en base a unha serie de principios transversais e de eficiencia, os eixos de actuación de cada ano prioritarios, sendo para o ano 2021 os seguintes:

1. Promover actividades para reforzar a autovaloración positiva das mulleres con discapacidade.
2. Impulsar o empoderamento a través da participación social activa e dinámica e a formación das mulleres con discapacidade nos distintos estamentos da sociedade.
3. Facilitar o acceso e permanencia das mulleres con discapacidade no mercado laboral
4. Diseñar e difundir ferramentas e material de soporte en materia de empoderamento das mulleres con discapacidade que sirvan como guía de traballo para o persoal que presta servizos directamente ás mulleres e nenas con discapacidade.
5. Crear e consolidar grupos de apoio psico-social, baixo a dirección de persoal con formación específica en xénero e discapacidade para desenvolver e fomentar o empoderamento e a autoxestión das mulleres con discapacidade.
6. Fomentar redes de mulleres con discapacidade para promover a súa participación.
7. Garantir a formación especializada na transversalidade de xénero e discapacidade ás entidades e profesionais prestadoras de servizos ás nenas, mozas e mulleres con discapacidade a través de programas de formación continua.
8. Sensibilizar e formar no uso non sexista e interseccional da linguaxe nos distintos eixos da sociedade.

9. Formar ó conxunto de persoas profesionais dos servizos de atención psicolóxica dependentes de organismos non gobernamentais que prestan servizos ás mulleres con discapacidade e familias, en materia de xénero e discapacidade.
10. Fomentar a sensibilización cara á saúde en mulleres con discapacidade.

Para dar cumprimento a estes obxectivos estratéxicos, realízanse unha serie de actividades e proxectos, algúns con carácter de continuidade e outros xa específicos.

ACTIVIDADES REALIZADAS


Máis de 1.100 persoas foron partícipes das diferentes actividades que se levaron a cabo na entidade:

- **Programas de cooperación:**

➤ **SERVIZO DE ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES CON DISCAPACIDADE**

A través dos Programas de Cooperación da Consellería de Emprego e Igualdade, **ACADAR** contou con unha traballadora social é unha psicóloga durante 9 e 12 meses respectivamente nas oficinas de Ferrol e de Santiago de Compostela.

Entre as funcións que realizan destacan: a avaliación das necesidades e demandas das persoas usuarias, deseñando plans individuais de intervención, desenvolvemento, seguimento e avaliación, a atención psicolóxica, o desenvolvemento de accións de prevención e sensibilización para a poboación en xeral, e a xestión da organización e funcionamento interno da entidade.



Cartel informativo do Servizo de Atención Integral a Mulleres con Discapacidade, na oficina de Santiago.



Cartel informativo do Servizo de Atención Integral a Mulleres con Discapacidade, ubicado na oficina de Ferrol.

- **Empoderamento:**

➤ **EMPLEABILÍZATE 2.0**

Programa levado a cabo coa colaboración da Consellería de Política Social con cargo aos fondos do 0,7 do IRPF a través de COGAMI como entidade beneficiaria.

Este programa pretendeu abordar a fenda dixital, que con motivo da pandemia da COVID-19 viu acrecentadas as necesidades das mulleres con discapacidade que viron as súas demandas transformadas en cuestións moito máis urxentes e que dependían dunha nova realidade. Procurouse proporcionar un coñecemento das TIC que puidera supoñer unha mellora na autonomía das 17 mulleres participantes, tanto para a súa vida persoal como para perfeccionar a súa empregabilidade con respecto á inserción laboral.

Ao longo de diferentes sesións abordáronse, partindo dunha base orientada a un coñecemento e manexo básico das TIC: navegación e seguridade na rede, aplicacións móbiles relacionadas co ámbito laboral, redes sociais e redes profesionais e outras aplicacións e ferramentas dixitais.

Empleabilízate 2.0 foi dirixido o colectivo de mulleres con discapacidade residentes na zona de Ferrolterra: Ferrol, Ares, Narón, entre outros.



Obradoiro levado a cabo en Ferrol.



Obradoiro levado a cabo en Ares.

➤ EMPREGO E SAUDE A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO

Coa colaboración do Concello de Lugo, a través deste proxecto fomentouse o desenvolvemento e/ou adquisición das habilidades persoais, sociais e prelaborais das mulleres con discapacidade residentes no propio concello a través de distintos obradoiros. E concreto, a través das sesións grupais procurouse promover hábitos de vida saudables, desenvolver un autoconceito real e mellorar a autoestima, fortalecer habilidades e destrezas persoais e laborais, adquirir ferramentas para a procura de emprego mediante o uso das TIC...

Cómpre destacar que a maiores destes obxectivos previstos, tamén se fomentaron de maneira transversal as habilidades para crear unha rede de apoio e fortalecemento do seu empoderamento persoal, así como a seguridade á hora de enfrontarse a situacións cotiás onde poidan ver os seus dereitos vulnerados, ou con motivo da procura dun emprego e participación en procesos de selección.

Leváronse un total de 8 obradoiros de 3 horas cada un, repartidos en 2 quendas co obxectivo de facilitar a participación.

En total, inscribíronse un total de 20 mulleres con discapacidade do termo municipal de Lugo.



Cartel informativo dos obradoiros.



Mulleres participantes nos obradoiros.

➤ RE-CRÉATE 2.0

Subvencionado pola Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

Para este programa, no que participaron un total de 11 mulleres do Concello de Santiago, desenvóléronse obradoiros creativos co obxectivo de acadar a visibilización das distintas manifestacións da violencia de xénero a través de distintas técnicas

artísticas e manuais como pode ser a manipulación da plastilina, pinturas, cartulinas, goma eva, etc.



Cartel informativo da actividade



Collage co traballado realizado nos diferentes obradoiros

➤ ENRÉDATE (3º ED.)

En colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade (Consellería de Emprego e Igualdade) e cofinanciado pola Unión Europea Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, é unha liña de axudas dirixidas a entidades para a atención de mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Proporcionouse unha atención integral ás mulleres con discapacidade de cara a potenciar as súas capacidades e aptitudes para o desenvolvemento dunha vida autónoma e independente, con fincapé nas residentes en concellos de baixa densidade pero sen carácter excluínte doutra situación de vulnerabilidade.

Así, as actuacións que se desenvolveron foron, entre outras: información sobre os recursos e servizos dispoñibles para as mulleres con discapacidade, deseño de estratexias individuais para favorecer a adquisición e/ou recuperación de habilidades sociais, mellor da autoestima e autoconfianza, manexo do estrés e a ansiedade, fomento de emocións positivas, reforzo de habilidades sociais e comunicativas no

contexto da entrevista laboral, e coñecer novas canles e ferramentas de cara a procura de emprego.

Entre os meses de xaneiro e setembro, participaron un total de 25 mulleres de concellos como Porto do Son, Vila de Cruces, Ordes, Tomiño, Sanxenxo ou Santiago, coas que se realizaron un total de 777 actuacións.



Cartel informativo do programa.



Sesións grupais.

➤ EMPODERAR PARA DECIDIR


Este proxecto, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, a través da Área de Cohesión Social, tivo como finalidade promover o empoderamento das mulleres con discapacidade, facilitando a toma de decisións sobre cada un dos aspectos das súas vidas mediante a toma de consciencia e o enriquecemento das súas habilidades persoais e da participación social

Desenvolvéronse un total de 20 obradoiros entre os Concellos de Mondariz (grupo de cohesión trala participación na edición de 2020), Tui, Marín e Moaña, nos que participaron un total de 21 mulleres.

Entre os meses de xullo e decembro, ademais dos obradoiros presenciais, desenvolvéronse intervencións individuais e seguimentos telefónicos de apoio psicosocial, orientación, información e asesoramento sobre distintos recursos cando as participantes así o demandaban.



Cartel informativo dos obradoiros



Mulleres participantes en diferentes obradoiros

➤ **SERVIZO DE INCLUSIÓN E TRANSICIÓN AO EMPREGO PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE**

Este Servizo foi levado a cabo coa colaboración da Consellería de Política Social con cargo aos fondos do 0,7 do IRPF a través de COGAMI como entidade beneficiaria.

37 mulleres con discapacidade das zonas de Chantada, Lalín, O Carballiño e Ourense foron beneficiarias do Servizo de inclusión e transición ao emprego que estivo operativo dende febreiro ata finais de ano.

Proporcionóuselles a posibilidade de traballar mediante itinerarios personalizados, que incluíron como mínimo, as prestacións que a carteira de Servizos Sociais de Inclusión considera obrigatorias e indispensables para falar de itinerarios de inclusión (diagnose; deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social; acompañamento social; accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais, e as accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral). Estes abarcaron accións tanto individuais como grupais, telemáticas e presenciais, nas que se abordaron as habilidades laborais, persoais e sociais (autoconcepto e autoestima, competencias e motivación para o emprego, técnicas de comunicación, roles de xénero, liderado,...) ademais alfabetización dixital presenciais, centrados na utilización do *smartphone*, que en moitos casos é o único dispositivo que posúen as participantes, nos que se aportaron ferramentas para un uso seguro das TIC así como para a busca de emprego.



Cartel informativo do Programa.



Mulleres participantes en diferentes obradoiros

➤ **ACTIVA-DAS. CLAVES PARA O EMPODERAMENTO DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE**

Este proxecto é financiado pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade con cargo ás axudas do 0,7 % do IRPF, sendo COGAMI a entidade beneficiaria e ACADAR executante.

As actividades que abarca ACTIVA-DAS son por unha banda asesoramento especializado na resolución de cuestións relativas ao exercicio de dereitos individuais; por outra banda intervencións específicas continuadas naqueles casos que por situacións de especial vulnerabilidade foi preciso unha intervención máis duradeira, e por último obradoiros nos que se abordaron dereitos das mulleres con discapacidade, igualdade, educación en afectividade e autocoñecemento, promoción da autonomía persoal, recursos existentes, etc.

Foron 36 as mulleres con discapacidade participantes no programa, residentes nos concellos de Santiago, Ferrol, Narón, Ares ou Ordes entre outros.



Cartel informativo do proxecto.



Mulleres participantes nun dos obradoiros.

➤ **AXUDAS DESTINADAS A FOMENTAR O ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES**

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da secretaría Xeral da Igualdade, convoca unhas Axudas económicas para o fortalecemento e consolidación do movemento asociativo das mulleres galegas, destinadas, no caso de ACADAR, a compensar gastos correntes en bens e servizos derivados do mantemento e/ou funcionamento da entidade.



Cartaz da axuda recibida no local da sede social da entidade.

- **Educación en igualdade:**

➤ **COMUNICA A CONCIENCIA**

En colaboración coa Fundación ONCE, por quinto ano consecutivo, **ACADAR** levou a cabo este programa que ten como obxectivo sensibilizar, concienciar e formar sobre o uso dunha linguaxe inclusiva e non discriminatoria a través da ferramenta “Xanela inclusiva” e “Ventana Inclusiva”, correctores de estilo para as linguas galega e castelá que reformula os termos ofrecendo alternativas non sexistas e inclusivas.

Dada a situación sanitaria, mantívose a formación a través do campus virtual Moodle, ademais de obradoiros presenciais e a través de videoconferencia. Participaron un total de 126 persoa procedentes de A Coruña do CIFP Anxo Casal, da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e de persoas de distintas titulacións da Universidade da Coruña e persoal propio da mesma.



Cartel do proxecto.



Obradoiro impartido no CIFP Anxo Casal de A Coruña

➤ VIO 7: VER PARA ERRADICAR (A CORUÑA)

A través da Deputación da Coruña desenvolvemos un ano máis este proxecto formativo dirixido ao alumnado de primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional da provincia de A Coruña.

Co obxectivo de fomentar a detección e erradicación das distintas formas de violencia cara as mulleres con discapacidade, igualdade e prevención da violencia de xénero. Durante as formacións, fíxose uso das guías *“Violencia contra as mulleres con discapacidade. Ver e recoñecer os sinais”* (ACADAR, 2015) e *“Violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade”* (ACADAR, 2018).

Un total de 347 persoas de centros educativos de Melide, Boiro, Noia, A Coruña, así coma o alumnado universitario do Máster de Educación da USC, foron beneficiarias directas destas formacións.



Cartel do proxecto.



Formacións en diferentes centros.

➤ VIO 7: VER PARA ERRADICAR (LUGO)

En colaboración coa Deputación de Lugo, este proxecto, a través de obradoiros formativos, tivo como finalidade a promoción das relacións igualitarias entre o alumnado, o fomento da igualdade de oportunidades, do sentimento de cidadanía e a integración do conxunto das persoas con independencia das características que definan ás mesmas.

Durante as formacións empregáronse as guías “*Violencia contra as mulleres con discapacidade. Ver e recoñecer os sinais*” (ACADAR, 2015) e “*Violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade*” (ACADAR, 2018), para explicar os tipos de violencia cara as mulleres con discapacidade.

Dirixido a alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e bacharelato levouse a cabo en institutos de Lugo, Vilalba e Monforte de Lemos, participando un total de 148 persoas



Cartel do proxecto.



Formacións en diferentes centros.

➤ MOCHILAS LILAS: PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

En colaboración coa Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Igualdade, levouse a cabo obradoiros dirixidos a alumnado de Educación Infantil e Primaria da provincia de Pontevedra co obxectivo fomentar a detección e a erradicación das distintas formas de violencia de xénero, a través de dinámicas e xogos adaptados ás súas idades.

As persoas beneficiarias deste proxecto foron un total de 137 procedentes do CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián en Tomiño, o CEIP de Randufe de Tui, CEIP A Guía de Moaña o CEIP Plurilingüe Porto-Cabeiro de Redondela.



Cartel do proxecto.




Sesións grupais co alumnado.

➤ QUE FARÍAS TI?

En colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, levouse a cabo a elaboración de este proxecto baseado en historias interactivas que buscan sensibilizar sobre a violencia cara as mulleres e nenas con discapacidade, profundando naqueles aspectos menos coñecidos da súa realidade.

Dirixido á sociedade en xeral, as historias permiten interactuar cas mesmas, podendo xogalas as veces que se desexe. Ao final de cada unha, infórmase sobre os distintos recursos públicos e privados relacionadas ca violencia de xénero e que poden ser de interese para as mulleres e nenas con discapacidade, a súa contorna ou persoas profesionais.



Fotograma de unha historia interactiva.

• Sexualidade

➤ DEDALEIRA (Unidade QUERELAR e CO-RESPECTO)

Financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade. É un servizo de atención sexolóxica das persoas con discapacidade, o seu entorno afectivo (familiares, parellas,...) e persoas do seu entorno social ou institucional.

O servizo inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e acompañamento e atención a persoas que viviron ou está a vivir situacións de abuso (Unidade Querelar), así como a Unidade CO-RESPECTO, para abordar as relacións

desigualitarias co obxectivo de minimizalas, remodelando e reconducindo posibles conductas tóxicas a relacións sans.

Durante 2021, realizáronse un total de 91 accións formativas e intervencións (tanto grupais como individuais) das que se beneficiaron 137 persoas de maneira directa e 548 dun xeito indirecto a través delas.

Estas accións, desenvolvéronse en localidades como Negreira, Lugo, A Coruña, Ferrol, Cabana de Bergantiños, Vilagarcía de Arousa, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela, Porto do Son e Silleda.



Accións formativas con diferentes grupos

• **Outras actividades**

➤ **INVESTIGACIÓN SOBRE A SITUACIÓN DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA NO USO DAS TIC TRALO IMPACTO DA COVID-19.**

En colaboración cos Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social levouse a cabo un estudo para coñecer a repercusión que tivo a emerxencia sanitaria derivada pola COVID-19 no uso que as mulleres con discapacidade de Galicia facían e fan das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Este estudo estivo dirixido fundamentalmente a mulleres con discapacidade en idade activa, participando un total de 210 mulleres de toda Galicia.



Cartel do Programa

➤ PROGRAMA DE EMPODERAMENTO E ACTIVACIÓN AO EMPREGO PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE

Trátase dun programa de COCEMFE, a *Confederación Española de Personas con Discapacidad física y orgánica*, a través dun Convenio con la Caixa – Incorpora, levado a cabo en varias Comunidades Autónomas. En Galicia é ACADAR a entidade que acolle á técnica deste Programa.

O obxectivo principal é fomentar o empoderamento e potenciar a inclusión sociolaboral das mulleres con discapacidade a través de accións individuais e obradoiros grupais. En total, foron beneficiarias 88 mulleres da provincia de Pontevedra.



Cartel do Programa.



Sesión grupal con mulleres participantes.

➤ ESTUDIO PARA LA PREVENCIÓN, IDENTIFICACIÓN Y DETECCIÓN DE SITUACIONES DE VIOLENCIA HACIA LAS MUJERES Y NIÑAS CON DISCAPACIDAD EN EL ÁMBITO SANITARIO

Proxecto de CEMUDIS, a *Confederación Estatal de Mujeres con Discapacidad* que pertence ao Programa estratéxico nacional de loita contra as discriminacións e violencias cara ás mulleres con discapacidade física e orgánica de COCEMFE financiado con cargo á asignación tributaria do IRPF 2020.

Procurou deseñar un marco de traballo común para os profesionais da saúde en cada comunidade autónoma que permita incorporar mecanismos de prevención,

identificación e detección de situacións de violencia a mulleres e nenas con discapacidade desde os servizos de atención primaria e urxencias hospitalarias.



Cartel do Programa.

FERRAMENTAS DE ACADAR:

➤ VENTANA INCLUSIVA E XANELA INCLUSIVA

A linguaxe é a ferramenta principal que utilizamos para comunicarnos, e ten o poder de incluír ou excluír a una persoa do conxunto. A linguaxe inclusiva e non discriminatoria é aquela que nomea a tódalas persoas, que non discrimina nin ignora ás persoas, con independencia da súa condición de sexo, xénero, relixión, orixe, idade, etc.

Ventana Inclusiva é unha aplicación correctora de estilo que detecta o emprego de linguaxe sexista e discriminatoria reformulando e ofrecendo termos non sexistas e inclusivos da lingua castelá. Este ano como novidade púxose en marcha o corrector de estilo Xanela Inclusiva para a lingua galega. Financiado pola Fundación ONCE, están dispoñibles en castelán e galego para a aplicación *Writer* do paquete ofimático libre *LibreOffice*, e para o procesador de textos *Word* do paquete ofimático *Microsoft Office*, ambos na súa versión para Windows.

➤ GUÍA VIOLENCIA SEXUAL CARA ÁS NENAS E MULLERES CON DISCAPACIDADE

É unha guía editada por **ACADAR** grazas ao financiamento da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e polo Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.

É específica para a detección e identificación de posibles situacións de abusos sexuais en diversos ámbitos. Esta guía foi editada en galego (versión en papel e dixital) e en castelán.



Portada da guía

➤ GUÍA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE, VER E RECOÑECER OS SINAIS

Esta guía, editada por **ACADAR** grazas o financiamento da Secretaría Xeral da Igualdade a través do Fondo Social Europeo, xorde como resposta á necesidade de dispor de material que nos permita coñecer, detectar e abordar os diferentes tipos de violencia contras as mulleres con discapacidade.

Contén os sete tipos de violencia, coas súas respectivas definicións, indicadores, e datos estatísticos sobre os mesmos.



Portada da guía

➤ DESCUBRE REALIDADES!

Espazo web que recolle distintos tipos de materiais: gráfico, testemuñal, textual e audiovisual, creando unha exposición virtual onde se reflexa a realidade das mulleres con discapacidade. Pódense visualizar sete testemuñas que reflexan os distintos tipos de violencia que poden vivir as mulleres e nenas con discapacidade.

➤ INFORME DA INVESTIGACIÓN SOBRE A SITUACIÓN DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA NO USO DAS TIC TRALO IMPACTO DA COVID-19.

Informe que recolle todos os datos obtidos das enquisas a mulleres para coñecer como a COVID-19 influíu no uso das TIC.

*Tódalas ferramentas de **ACADAR** pódense descargar gratuitamente dende a páxina web da entidade www.acadar.org.*

PARTICIPACIÓNS

- *21 de xaneiro, Santiago de Compostela*
Entrevista para o programa “Convivir” da Radio Galega
- *4 de febreiro, en formato online*
Reunión co Servizo de igualdade da Deputación de Pontevedra para dar a coñecer o proxecto “Empoderamento e Activación para o Emprego das mulleres con discapacidade”, de COCEMFE e la Caixa, a levar a cabo no ámbito provincial.
- *24 de febreiro, vía online*
Xunta Directiva de ACADAR.
- *15 de marzo. Santiago de Compostela*
Presentación do proxecto Descubre realidades xunto a Consellería de Emprego e Igualdade, M^a Jesús Lorenzana e a Conselleira de Política Social Fabiola García.
- *16 de marzo. Santiago de Compostela*
Mantense unha reunión con representantes do grupo de municipal Compostela Aberta.
- *19 de abril, vía online*
Reunión con representantes do grupo municipal de Ciudadanos de Lugo.
- *29 de abril, por videoconferencia.*
Xunta Directiva de ACADAR.
- *29 de abril, online.*
Asemblea Xeral Ordinaria de Discafis Ourense.
- *29 de abril, online.*
Participación nun faladoiro organizado polo Centro de Información á Muller do Salnés.
- *20 de maio, online.*
Xuntanza para a constitución da Comisión de traballo de Mulleres nas TICS do Consello Galego das Mulleres.

- *3 de xuño, online.*
Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria da entidade na que se aprobaron as actividades e contas do 2020, así como as liñas de traballo e orzamento para 2021; e celebración da Asemblea Xeral Extraordinaria para a aprobación dos novos Estatutos da entidade.
- *8 de xuño, Santiago de Compostela.*
Encontro de entidades na Casa Xohana Torres.
- *15 de xullo. Santiago de Compostela.*
Xuntanza de ACADAR e COGAMI coa Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López, e a Subdirectora para o tratamento da Violencia de Xénero Patricia López, co obxecto de valorar liñas de traballo
- *15 de xullo. Santiago de Compostela.*
Reunión da Comisión de Valoración das Medallas Emilia Pardo Bazán.
- *23 de xullo. Lalín*
Xuntanza co equipo da Concellería de Igualdade de Lalín para valorar liñas de colaboración.
- *15 de setembro. Lugo*
Visita institucional da Alcaldesa de Lugo e Concelleira de Benestar aos obradoiros celebrados na cidade no marco do proxecto “Empoderamento e emprego a través da saúde”, subvención nominativa entre ACADAR e o Concello.
- *21 de setembro. Videochamada*
Xuntanza co Concello de Moaña para presentación do programa “Empoderamento e Activación para o Emprego das mulleres con discapacidade”
- *27 de setembro. Santiago de Compostela*
Asistencia ao Acto do 40º aniversario do Estatuto da Autonomía, no Parlamento de Galicia.
- *17 de outubro. A Coruña*
Participación na Carrera de la Mujer celebrada en A Coruña, e onde ACADAR é unha das entidades beneficiarias da recadación cos dorsais solidarios.

- *20 de outubro. Formato online*
Xunta Directiva de ACADAR
- *22 de outubro. A Coruña*
Participación no Encontro de entidades implicadas na loita contra as violencias, organizado pola Subdelegación do Goberno en Galicia.
- *16 de novembro. Vía online.*
Participación na mesa debate da Comisión Muller e TIC do Consello Galego das Mulleres, co obxecto de analizar a situación das mulleres en relación coa tecnoloxía.
- *22 de novembro. Santiago de Compostela*
Asistencia á entrega dos Premios Meninas.
- *23 de novembro. Vía online*
Participación, a través dunha entrevista e posterior revisión, na elaboración do IV Plan de igualdade do Concello de Santiago de Compostela.
- *25 de novembro. Santiago de Compostela*
Asistencia á Recepción da Corporación Municipal de Santiago de Compostela co gaio do 25N.
- *1 de decembro. Santiago de Compostela.*
Visita do responsable do Partido Popular de Santiago á entidade.
- *13 de decembro. Santiago de Compostela.*
Xuntanza coa Valedora do Pobo co obxectivo de poñer no seu coñecemento a realidades das mulleres con discapacidade.
- *20 de decembro. Vía online*
Xunta Directiva.

PERSOAS SOCIAS

Actualmente, a entidade conta con 144 persoas socias (138 mulleres e 6 homes).

Do total, 121 son socias de dereito¹ e 23 son persoas socias colaboradoras²: 17 mulleres e 6 homes.

¹ Socias de dereito: 1. Mulleres con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar. 2. Mulleres con discapacidade menores de idade, non emancipadas, a partir dos 14 anos, previo consentimento da nai/pai ou titora/titor. 3. Nais/pais/persoas titoras ou representantes legais das mulleres con discapacidade incapacitadas xudicialmente ou menores de 14 anos de idade. 4. Socias de dereito avaladas: Mulleres sen discapacidade que pola súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das mulleres con discapacidade, que terá que vir avalada por 10 socias de ACADAR.

² Socias colaboradoras: Calquera persoa, independentemente do seu sexo, así como as persoas xurídicas (empresas, asociacións, corporacións, fundacións, concellos, etc.) que desexen colaborar de xeito desinteresado, mediante achegas económicas ou co seu compromiso de participación.

FINANZAMENTO PÚBLICO E PRIVADO

- **SUBVENCIONES**

- **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020

- **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA.**

- Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, no ano 2021

- **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado pola consellería con competencias en materia de política social da Xunta de Galicia

- **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se convocan para o ano 2021
- Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e se convocan para o ano 2021.

- **DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

- Subvencións a entidades sen fins de Lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2021

- **DEPUTACIÓN DE LUGO**

- Subvención nominativa

➤ **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

- Subvención dirixida a entidades sen fin de lucro para actuacións no ámbito social, para o desenvolvemento, na provincia de Pontevedra, de actuacións de atención especializada dirixida a persoas en situación de especial vulnerabilidade, para o ano 2021
- Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de Lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero, para o ano 2021

➤ **CONCELLO DE LUGO**

- Subvención nominativa

➤ **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e de persoas do colectivo Lésbico, Gay, Transexual, Bisexual, Queer e Intersexual e de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2021, da Concellaría de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago

➤ **FUNDACIÓN ONCE**

- Convocatoria de Subvencións 2020

• **COLABORACIÓNS**

➤ **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, a través da SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE**

- Convenio de colaboración para o Mantemento do servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna para o ano 2021
- Convenio de colaboración para o desenvolvemento da campaña de sensibilización e prevención da violencia sexual nas mulleres con discapacidade "Que farías ti?"

- **CONTRATACIÓNS**

- **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, a través da DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL**

- Investigación sobre a situación das mulleres con discapacidade de Galicia no uso das TIC tralo impacto da COVID-19.

- **COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L.**

- Formacións en “Sensibilización en igualdade de xénero”

- **IES LAURO OLMO**

- Impartición da charla “Igualdade, discapacidade e violencia machista”

- **GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL.**

- Formación en “Sensibilización en igualdade de xénero”

- **EPAPU RÍO LÉREZ**

- Impartición da charla “Violencia machista e discapacidade”

- **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

- Contratación para a preparación de material e docencia en dous cursos de empoderamento a mulleres con discapacidade

- **DOAZÓNS**

- **CAIXABANK**

- Doazón da oficina da Rúa de Concheiros por un importe de 5.000€ en data 21/06/2021

- **LANDRA SISTEMAS S.L**

- Realizou unha doazón por importe de 1.500,00 € en data 21/12/2021.

- **MOTORPRESS IBÉRICA S.A.U**

- Realizou unha doazón por importe de 1.553,00 € en data 22/12/2021.

- **Z ZURICH FOUNDATION**

- Realizou unha doazón por importe de 765,50 € en data 28/12/2021.

ANEXO 1. BALANCE DE SITUACIÓN DO ANO

Anexo 1.1

ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA - ACADAR							
BALANCE PEMESFL AO PECHE DO EXERCICIO 2021							
ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2021	2020	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2021	2020
A) ACTIVO NON CORRENTE		15.726,97	15.253,60	A) PATRIMONIO NETO		63.676,60	52.018,20
I. Inmobilizado Intanxible	5	15.473,25	14.884,70	A-1) Fondos propios	11	51.188,77	42.717,34
II. Bens do Patrimonio Histórico		0,00	0,00	I. Dotación fundacional/Fondo Social		54.208,79	54.208,79
III. Inmobilizado Material	5	253,72	368,90	1. Dotación fundacional/Fondo Social		54.208,79	54.208,79
IV. Investimentos inmobiliarios		0,00	0,00	I I. Reservas.		1.873,80	3.030,86
V. Investimento en entidades do grupo e asociadas a L/P		0,00	0,00	III. Excedentes de exercicios anteriores		-14.522,31	0,00
VI. Investimentos financeiros a L/P		0,00	0,00	IV. Excedente do exercicio	3	9.628,49	-14.522,31
VII. Activos por imposto diferido		0,00	0,00	A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos	14	12.487,83	9.300,86
				B) PASIVO NON CORRENTE		0,00	0,00
B) ACTIVO CORRENTE		211.335,45	98.792,97	I. Provisións a L/P		0,00	0,00
I. Existencias		0,00	0,00	II. Débedas a L/P		0,00	0,00
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	7 9 16	26.575,29	26.235,56	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a L/P		0,00	0,00
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	7 9 16	184.324,75	58.624,23	IV. Pasivos por imposto diferido		0,00	0,00
IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a C/P				V. Periodificacións a L/P		0,00	0,00
V. Investimentos financeiros a C/P	9	388,00	469,48	C) PASIVO CORRENTE		163.385,82	62.028,37
VI. Periodificacións a C/P		0,00	0,00	I. Provisións a C/P		0,00	0,00
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		47,41	13.463,70	II. Débedas a C/P	10 16	88.176,39	53.887,75
				1. Débedas con entidades de crédito		34.942,05	97,76
				3. Outras débedas a curto prazo		53.234,34	53.789,99
				III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a C/P	16	65.000,00	0,00
				IV. Beneficiarios - Acredores	8	0,00	0,00
				V. Acredores comerciais e outras contas a C/P	10 16	10.209,43	8.140,62
				2. Outros acredores		10.209,43	8.140,62
				VI. Periodificacións a C/P	10	0,00	0,00
TOTAL ACTIVO (A + B)		227.062,42	114.046,57	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		227.062,42	114.046,57

As notas que se achegan na memoria forman parte deste balance

ANEXO 2. CONTA DE RESULTADOS.

ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA - ACADAR			
CONTA DE RESULTADOS PEMESFL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2021			
	NOTAS DA MEMORIA	(Debe) Haber 2.021	(Debe) Haber 2.020
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	13	268.025,48	188.081,40
a) Cotas de afiliados e socios		1.090,00	1.048,00
b) Aportacións de usuarios			
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		6.808,35	0,00
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	14	260.127,13	187.033,40
e) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil		14.500,00	15.121,95
3. Gastos por axudas e outros	13	-93,45	0,00
a) Axudas monetarias			
b) Axudas non monetarias			
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-93,45	0,00
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
fabricación		0,00	0,00
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo		0,00	0,00
6. Aproveccionamentos.	13	-47,20	-8.803,41
7. Outros ingresos da actividade		0,00	0,00
8. Gastos de persoal	13	-182.743,44	-184.695,84
9. Outros gastos da actividade	13	-86.922,18	-19.874,30
10. Amortización do inmovilizado	5	-6.786,31	-5.428,68
11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio	14	4.072,71	1.739,18
12. Exceso de provisións		0,00	0,00
13. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado e outros		-185,87	0,95
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE	3	9.819,74	-13.858,75
14. Ingresos financeiros		0,00	0,00
15. Gastos financeiros		-191,25	-663,56
16. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros		0,00	0,00
17. Diferenzas de cambio		0,00	0,00
18. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros e outros		0,00	0,00
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS		-191,25	-663,56
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS		9.628,49	-14.522,31
19. Imposto sobre beneficios	12	0,00	0,00
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECONOCIDO NO EXCEDENTE DO EXERCICIO	3	9.628,49	-14.522,31
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE A PATRIMONIO			
1. Subvencións recibidas		251.308,63	183.631,88
2. Doazóns e legados recibidos		8.818,50	3.401,52
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
B.1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO		260.127,13	187.033,40
C) RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Subvencións recibidas		-248.121,66	-174.331,02
2. Doazóns e legados recibidos		-8.818,50	-3.401,52
3. Outros ingresos e gastos		0,00	
4. Efecto impositivo			
C.1) VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO		-256.940,16	-177.732,54
D) VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO(B.1+C.1)		3.186,97	9.300,86
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS			
F) AXUSTES POR ERROS		-1.157,06	-963,65
G) VARIACIÓNS NA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL			
H) OUTRAS VARIACIÓNS			
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO.		11.658,40	-6.185,10

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados